

MULTIFUNCIONALIDADE, MANEXO E SOSTENIBILIDADE DO MONTE

Xabier Bruña García

Departamento de Enxeñería Agroforestal – EPS - USC
Vogal de Medio Rural de ADEGA
ringo@adega.info

O monte é algo máis que un conxunto de árbores, e polo tanto temos descubri-lo desde outras olladas. En moitos casos é un libro aberto que perdeu parte da súa grafía, pero que unindo anacos é posible ler o seu contido. A multifuncionalidade pasa a ser a ferramenta básica para acadar un manexo sostible do monte e poder unir pasado, presente e futuro.

1.- O punto de partida

A nosa tradición, cultura e historia está fortemente impregnada e enmarcada nos montes, sendo a peza clave para entender a situación actual de moitos lugares. As distintas civilizacións que pasaron polas nosas terras tiveron nos montes e montañas a cuberta necesaria para desenvolverse adecuadamente. A cultura megalítica, a cultura castrexa, a cultura romana, a cultura do medievo; integraron o monte no seu acervo e na súa actividade cotiá.

Enténdese por monte segundo o artigo 5 da lei de montes (lei 43/2003, modificada pola lei 10/2006) “*todo terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas*”. Teñen tamén a consideración de monte:

- a) Os terreos ermos, roquedos e areais.
- b) As construcións e infraestruturas destinadas ao servizo do monte no que se sitúan.
- c) Os terreos agrícolas abandonados que cumpran as condicións e prazos que determine a comunidade autónoma, e sempre que adquiriran signos inequívocos do seu estado forestal.
- d) Todo terreo que, sen reunir as características descritas anteriormente, se adscriba á finalidade de ser repoboado ou transformado ao uso forestal, de conformidade coa normativa aplicable reforestación.
- e) Os enclaves forestais en terreos agrícolas coa superficie mínima determinada pola Comunidade Autónoma.

Desde a perspectiva agroecolóxica esta definición legal de monte deixa aspectos importantes sen tocar polo que propoñemos unha nova definición: “*monte é un todo natural, ambiental, social, económico, rural e cultural que relaciona factores físicos e socioculturais. Polo tanto é un sistema complexo con interaccións de distintas realidades tanto físicas (climatolóxicas, xeográficas, atmosféricas, etc. . .) como sociais (uso do solo, xestión do territorio, propiedade, costumes, etc. . .)*”.

O mapa non é o territorio, xa que non hai unha foto fixa permanente da paisaxe. Todo evoluciona, cambia e muda de aspecto; e non se pode entender o que somos sen antes ver os

pasos que demos para chegar aquí. En definitiva, trátase de recuperar a cultura do monte e de converter o monte en cultura.

Antecedentes do monte galego

Monte, agro, gando e persoas formaron durante milleiros de anos un mesmo sistema no noso territorio. As relacións e dependencias eran mútuas, manténdose un equilibrio consensuado co tempo, baseado no repeto e aproveitamento das características locais de cada zona.

É a partir dos anos corenta do século pasado, cando esta situación de equilibrio entre persoas-agro-monte-gando comeza a romperse debido principalmente a:

- ✓ **Plans de repoboación masiva**, atendendo as directrices do Plan Forestal Español que pretendía repoboar todas as zonas despoboadas de vexetación arbórea con piñeiros e eucaliptos para a produción de madeira destinada á trituración (RICO, 1995).
- ✓ Iníciase o **paso dunha agricultura tradicional a unha agricultura industrial-productivista** (dando os grandes pasos na década dos sesenta), que obriga os labregos/as a adaptarse a sistemas de cultivo alleos.
- ✓ **Estabulación do gando** como consecuencia da actividade repoboadora e da transformación da agricultura e zonificación da produción agrícola con concentracións parcelarias para a especialización de uns poucos produtos (patacas e viño fundamentalmente)
- ✓ **Despoboamento do medio rural**, como resultado da emigración dos seus habitantes.

As consecuencias de todo isto dan lugar á rotura do sistema, independizándose cada unha das partes, que pasarán a ser sectores económicos diferenciados (cando con anterioridade constituían unha mesma unidade). Trae consigo a especialización de traballos, sen ter en conta os coñecementos e a cultura tradicional agroforestal, importando sistemas económicos e de aproveitamento alleos (e polo tanto non adaptados ás características locais).

A situación actual do monte galego

Galicia ten unha superficie total de 29.574 km² (2.957.400 ha), das que o 69% ten uso forestal e máis de 596.000 ha son monte desarborado. En canto ao tipo de propiedade, aproximadamente o 68% da superficie forestal pertence a propietarios privados individuais, o 30% a comunidades de montes veciñais en man común e o 2% restante é monte público (XUNTA DE GALICIA, 2001). Os montes veciñais en man común (MVMC) de Galicia son un tipo de propiedade privada e colectiva ligada a un uso tradicional en torno a un núcleo rural, e polo tanto cunha gran importancia no marco agroecolóxico.

Táboa nº 1: estimación do número de propietarios de montes privados e tamaño medio das propiedades en Galicia.


Provincia	Superficie provincia (ha) A	Monte Provincia (ha) B	Propietarios		Montes privados				
			F	% F/Ga	ha G	Media G/F	% G/Ga	% G/B	% G/A
Coruña	793.086	467.178	246.888	36,71	419.709	1,70	35,05	89,84	52,92
Lugo	980.295	621.508	116.280	17,29	375.584	3,23	31,37	60,43	38,31
Ourense	727.830	497.757	137.234	20,40	247.021	1,80	20,63	49,63	33,94
Pontevedra	446.456	291.815	172.216	25,60	154.994	0,90	12,95	53,11	34,72
Galicia	2.947.667	1.878.258	672.618	100	1.197.309	1,78	100	63,75	40,62

Fonte: tese de doutoramento Marey, M.F. (2003)

Centrándonos na propiedade forestal privada individual, segundo Marey (2003) o 35% está concentrada principalmente na provincia A Coruña, na que representa o 90% da superficie de monte existente na provincia e o 52% da superficie provincial. En Lugo concéntrase o 31% da propiedade individual de Galicia e representa o 60% da superficie de monte provincial. En menor proporción están Ourense e Pontevedra, aínda que nesta última, o 53% do monte provincial é de propiedade privada.

Entrando no detalle dos datos da táboa nº 1, temos que a superficie media da propiedade privada do monte galego ten un valor de 1,78 ha, distribuídas en algo máis de 10 parcelas, o que supón menos de 2.000 metros cadrados por parcela. Este valor indica claramente a situación de atomización e minifundismo do monte galego, que fai ineficaz calquer tipo de xestión individual centrada na parcela.

A nivel provincial, Lugo presenta maior superficie media por propietario (3,23 ha) fronte a Pontevedra que presenta o valor máis baixo (0,90 ha). Este feito relacionase co grado de minifundismo da propiedade que se concentra en maior medida en Pontevedra e en A Coruña, froito en gran medida do tipo de propiedade de partida e os sistemas tradicionais de herdanza.



Imaxe nº 1: plano de investigación da propiedade na UXFOR “Fonte das Meigas” (Arcos – Chantada)

Na imaxe nº 1 pódese observar un exemplo concreto de estrutura tipo do monte galego. Trátase do monte “Fonte das Meigas” na parroquia de Arcos do concello de Chantada (Lugo). O monte ten 54 ha, 92 persoas propietarias e 392 parcelas; o que representa unha media de 0,59 ha por propietaria e repartidas en algo máis de catro parcelas (0,14 ha/parcela). Asemade a xeometría das parcelas soe ser alongada sendo o longo moi superior ao largo (relacións que poden chegar a 100:1)

Por outra banda, os montes veciñais en man común (MVMC), cunha superficie media de 221 ha, supoñen un considerable potencial de desenvolvemento agroforestal fronte ás 1,5 ha de

superficie media dos máis de 600.000 propietarios particulares gallegos, sin embargo, desde as primeiras axudas autonómicas de fomento da ordenación de montes de 1996, ata o ano 2005, só 697 montes contaban con proxecto ou plan técnico de ordenación, sumando unha superficie de 188.447,89 ha (DANS et al., 2005). As ordenacións de montes realizadas neste período, e tamén as que se realizan na actualidade, poñen o acento na produción de madeira, principalmente nas especies de crecemento rápido *Pinus pinaster*, *Eucalyptus globulus*, *Pinus radiata* e, en menor medida, *Castanea sativa* e outras frondosas, considerando de modo secundario a integración con outras producións ou usos, como poden ser a ganadería en réxime extensivo ou a caza (ambas actividades cunha profunda tradición en Galicia).

2.- As referencias documentais e normativas da multifuncionalidade

A idea clásica de separar ou clasificar os montes por funcións, contradícese co uso múltiple que pode ter calquer terreo forestal. Se ata fai poucos anos a sociedade demandaba dos montes tan só os seus produtos (madeiras, leñas, froitos e resinas), hoxe en día os intereses da sociedade céntranse noutros aspectos moito máis xerais (paisaxe, biodiversidade, recreo . . .)

O lema do II Congreso Forestal Mundial de Seattle (1960) "*Uso múltiple dos Bosques*", indicaba xa o camiño que o ámbito forestal tiña que levar. Este aspecto foi ligado ao ámbito da sustentabilidade e así o lema do XI Congreso Forestal Mundial de Turquía (1997) "*A actividade forestal para o desenvolvemento sostible, cara o século XXI*" confirma a tendencia.

Numerosos documentos internacionais afirman a necesidade de contemplar o monte desde o prisma da multifuncionalidade. Serva poñer a continuación, uns cantos exemplos:

- ✓ Na declaración do Principio de Bosques de Río de Janeiro (1992, acordo enfocado á xestión e preservación de bosques) establece no preámbulo a importancia manifesta da multifuncionalidade dos bosques en todo o mundo: "*Os problemas e as oportunidades que existen no ámbito da silvicultura deben ser examinados cun criterio holístico e equilibrado no contexto xeral do medio ambiente e o desenvolvemento, tendo en conta os múltiples usos e funcións dos bosques, entre eles os usos tradicionais, e os probables problemas económicos e sociais que se plantexan cando esos usos son limitados ou restrinxidos, así como as posibilidades de desenvolvemento que pode ofrecer a ordenación sostible dos bosques*"
- ✓ O obxectivo global do Plan de acción da UE para os bosques¹ é apoiar e mellorar a xestión forestal sostible e o papel multifuncional dos bosques. "*A silvicultura multifuncional xenera beneficios económicos, medioambientais, sociais e culturais. Subministra materias primas renovables e respetuosas co medio ambiente e desempeña un papel importante no desenvolvemento económico, o emprego e a prosperidade de Europa, especialmente nas zonas rurais*".
- ✓ A xestión forestal supón a sostenibilidade ecolóxica, social e económica. Unha definición achegada na conferencia interministerial de Helsinki: "*administración e uso os bosques e as terras forestais de forma e intensidade tal que manteñan a biodiversidade, produtividade, capacidade de rexeneración, vitalidade e potencial por atender agora e no futuro funcións ecolóxicas, económicas e sociais relevantes a escala local, nacional e global e que non causen dano a outros ecosistemas*". En

¹ Comunicación da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo (15 xuño do 2006)

definitiva, aquela que se leva a cabo de forma: economicamente viable, socialmente beneficiosa, e ambientalmente responsable.

- ✓ Dentro dos principios básicos do modelo forestal da Estratexia Forestal Española (marzo 2000) establécese a multifuncionalidade como punto de partida. Asemade, a lei de montes (lei 43/2003, modificada pola lei 10/2006) establece no artigo 3.b. a multifuncionalidade como un dos principios a ter en conta nas actuacións que afecten aos montes. Asemade no seu artigo 32.1. di: “*os montes deben ser xestionados de forma sostible, integrando os aspectos ambientais das actividades económicas, sociais e culturais, ca finalidade de conservar o medio natural ao tempo que xerar emprego e colaborar ao aumento da calidade de vida e expectativas de desenvolvemento da poboación rural*”.

3.- Que é a multifuncionalidade?

O uso monofuncional do monte para o aproveitamento madeirero, baseado na plantación forestal con especies de crecemento rápido en quendas cortas, non é unha alternativa económica, ecolóxica nin socialmente viable para a maior parte das amplas e variadas extensións de monte en Galiza. A xestión integral e o manexo do monte baseado na súa multifuncionalidade ofrece múltiples posibilidades para o desenvolvemento do medio rural, garantizando ademais a conservación de especies e procesos claves para os ecosistemas.

Para avanzar nesta dirección debe establecerse unha diferenza entre o que son as tradicionais clasificacións do monte (de produción, de protección, conservación) do que son as súas funcións, é dicir, os bens e servizos xerados nel (turismo, madeira, paisaxe, caza, etnografía, etc.). A tradicional distinción entre montes de produción e montes de protección non recolle o amplo repertorio de servizos xerados no monte.

Castros, mámoas, petroglifos, . . . son elementos integrados no monte que igual que as árbores, as rochas, os animais e os camiños forman parte del. Moitas das veces falamos da multifuncionalidade do monte que non é outra cousa que a multitude de produtos e servizos que existen nos nosos montes; entre eles o patrimonio arqueolóxico, cultural e histórico, que cómpre poñer en valor. Isto non é máis que dar a coñecer á sociedade a existencia de un elemento que pasara desapercibido e polo tanto, dar luces a algo que xa estaba alí. Se pechamos os ollos e os volvemos a abrir, seguro que teremos diante de nós algún elemento que procede dalgún monte e que representa un anaco da nosa Cultura.

En Galicia existen moitos MVMC que presentan elementos singulares de patrimonio cultural, como poden ser xacementos arqueolóxicos catalogados como Bens de Interese Cultural (Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico) e espazos de interese natural como bosques de ribeira, zonas de roquedo, turbeiras, queirugais higrófilos, etc. Algúns destes montes están parcialmente ou totalmente incluídos na Rede Natura 2000 ampliación (ESTÉVEZ et al., 2009)

O monte, fonte de riqueza e futuro do noso territorio. Con esta premisa, integrar pasado, presente e futuro é posible; e ademais a súa suma é sensiblemente superior ás partes illadas. Temos, e cada día máis, que traballar en conxunto, de forma transversal, integrando nas distintas actuacións as sensibilidades dos distintos colectivos e institucións. Tócanos a técnicos/as, educadores/as, arqueólogos/as e historiadores/as traballar de forma conxunta e integral para sacar adiante proxectos co nexos de unión no monte.

Os beneficios sociais do monte tales como o recreo, a paisaxe e funcións ambientais e de protección non teñen un mercado monetario, o que non quere dicir que carezan de valor. Sen

lugar a dúbidas, os ecosistemas forestais ofrecen unha rendabilidade social que é posible estimar.

Os métodos empregados na valoración son os métodos de desprazamento e de valoración contingente. A rentabilidade social calcúlase ca técnica de análise coste-beneficio. Estas técnicas deberán ser empregadas en espazos concretos, tendo en conta as características presentes en cada lugar.

Na análise efectuada por GONZÁLEZ (1999) nos montes da comarca do Baixo Miño con algo máis de 16.000 ha de superficie e o 81% arborada (inclúese ademais 746 ha correspondentes ao Parque Natural do Monte Aloia), obtéñense os seguintes resultados:

- A disposición media ao pago dos individuos por acceder ao Parque Natural é de 2,3 euros/visita; polo que o valor dependente das visitas realizadas ao Parque é de 186.000 euros ao ano (249 euros/ha).
- A disposición media ao pago obtida para o valor independente do uso ascende a 19,2 euros/visitante/ano; o que equivale a un valor independente das visitas dos montes do Baixo Miño de 1,35 millóns de euros anuais (84 euros/ha).
- Por cada euro que se gastan no Parque Natural obteñense 1,21 euros e no conxunto dos montes do Baixo Miño 1,12 euros. Gran parte deste valor o reciben os visitantes na forma de bens públicos para o disfrute do tempo de ocio ou satisfacción de saber que existe arborado e cumpre diferentes funcións ambientais. (TIR de 21 % no primeiro caso e de 12 % no segundo)
- A inversión efectuada nestes montes está economicamente xustificada.

No gráfico nº 1 pódense observar os distintos produtos e servizos que ofrece o monte á sociedade, enmarcado dentro da súa función múltiple.




Gráfico nº 1: relación de produtos e servizos que xenera o monte (BRUÑA, 2001)

Polo tanto nunha análise económica deberemos ter en conta todos aqueles servizos e produtos; e non só os que teñen un mercado monetario creado. Se tan só consideramos os que teñen mercado, estamos dando un valor non real e moi inferior ao ofrecido polos montes no seu conxunto.

A totalidade de servizos ambientais que algúns autores os inclúen economicamente como externalidades, deberan incluírse na contabilidade nacional para redistribuír a riqueza económica. Así as zonas rurais son produtoras de riqueza ambiental da que se benefician as zonas urbanas e estas produtoras de riqueza económica e que por agora non supón un fluxo económico que compense os activos ambientais.

“Os recursos naturais deberán ser empregados en función dos criterios de equidade e sustentabilidade. A equidade debe ser entendida na súa dobre dimensión, inter e intraxeneracional” BERMEJO (1995)

Na táboa nº 2 amósase a renda anual e o valor económico do sector forestal galego nunha visión multifuncional que recolle aspectos produtivos, recreativos e ambientais:

Táboa nº 2: *valor económico do sector forestal (XUNTA, 2001)*

	Renda anual	Valor ⁽¹⁾
	(en millóns de euros)	
<i>Aspecto Produtivo ⁽²⁾</i>	328	16.404
Madeira	316	15.799
Pastos	13	655
Froitos, cortiza	1	65
Caza	1	31
<i>Aspecto Recreativo</i>	51	2.564
Recreo intensivo	8	397
Paisaxe	43	2166
<i>Aspecto Ambiental</i>	186	9.285
Fixación de carbono	108	5285
Non uso	77	3862
Total	565	28.253

(1) Valor obtido ao capitalizar un número infinito destas rendas cunha taxa social (STPR) do 2%

(2) O aspecto produtivo non é a suma dos elementos que o compoñen polas incompatibilidades entre eles

4.- A multifuncionalidade como salvagarda da sustentabilidade

No contexto socioecolóxico, determinado tanto por variables do medio físico e natural como polo desenvolvemento histórico dunha identidade e unha cultura propias, existen tecnoloxías e procesos produtivos adecuados para satisfacer as necesidades da sociedade dunha maneira sustentable e equitativa. Esta sustentabilidade, representada esquematicamente no anexo I, pasa inevitablemente pola sustentabilidade ambiental, a sustentabilidade social e a sustentabilidade económica, onde as personas son os actores e actrices principais.

De este modo podería chegarse á conclusión de que non ten porqué existir unha incompatibilidade esencial entre as distintas funcións que cumpren os bosques, polo contrario poden ser complementarias e incluso sinérxicas entre sí. En calquera intervención produtiva no monte debe terse en conta o contexto xeral da unidade de ordenación, respetando as potencialidades que ofrece a súa multifuncionalidade e establecendo obxectivos mínimos de conservación (de solos, de concas hídricas, de especies animais e vexetais vulnerables, da dinámica natural da paisaxe, etc) que garantan a compatibilidade entre os distintos usos do monte.

Os incendios forestais, son sin lugar a dúbidas, un dos problemas (e ameazas) máis graves que dificulta o desenvolvemento do sector forestal. En boa medida, unha forma de reducir o seu número, sería a de dar unha valoración económica ao monte que xerese unha espiral de desenvolvemento no mundo rural, pasando desta forma a ter un interés económico potencial o que está ardendo e se está perdendo.

“Os incendios forestais provocados son un problema rural, de raíz socioeconómica, orixinado pola falta de percepción de beneficios” (PICARDO E TORRE, 1993)

A conservación de recursos é un parámetro básico para conquistar a sustentabilidade, pero conservación entendida dende o seu aspecto dinámico, na que a través dun proceso integral esta se converte nun recurso económico que potencia a mellora da calidade de vida das poboacións. Non podemos esquecer que calquer elemento ecolóxico contado, e ben contado, representa un recurso económico.

Hai que ter capacidade para interpretar, xestionar e divulgar a paisaxe, constituíndo este un dos valores con maior potencialidade e representando un dos recursos naturais que maior vínculo ten ca poboación, dado que nos atopamos nun medio antropizado, no que o rastro histórico, cultural e humano moldearon a contorna. Manter a paisaxe, pasa por manter os procesos culturais e ecolóxicos, que soamente son posibles a través da poboación local.

É necesario unha maior transferencia da información que se ten do medio. É aquí onde a formación, a divulgación, e a educación ambiental adquiren un papel importante para achegar o coñecemento dos recursos naturais existentes nos nosos montes a toda a sociedade. Soamente deste xeito poderemos comezar a valorar realmente o que temos tan preto e así garantir a súa sustentabilidade no espazo e no tempo.

O monte desenvolve na súa interacción coa economía tres funcións cruciais:

- ✓ Fonte esencial da vida e hábitat para as especies vivas.
- ✓ Almacén de enerxía e materias primas.
- ✓ Vertedoiro de desperdicios.

Como podemos comprobar estas tres funcións son básicas na estrutura de calquera sociedade do mundo. A actividade económica, humana, e histórico-cultural tivo, ten e terá unha dependencia indisoluble co monte. É por elo, que unha degradación del da lugar a unha degradación na calidade de vida e hipoteca o desenvolvemento das actividades.

O futuro e as oportunidades derivadas do monte, virán dadas en función do camiño seguido no uso dos elementos, funcións e procesos dos ecosistemas. Xurde aquí a necesidade de recuperar o sentido común, que nos indica que ese camiño deba estar enmarcado no contexto da sustentabilidade do territorio.

Conservar o monte equivale a manter a riqueza, que supón a base do futuro escrita en presente. Deberase buscar a eficiencia fronte ao crecemento; o valor engadido e a diversificación dos produtos finais; e a terciarización do sector primario que convirta os servizos xerados polos recursos naturais en bens de mercado. Neste proceso será fundamental a actuación administrativa que configure un sistema de redistribución da riqueza, creando canles que produzan intercambios de riqueza económica (xerada nas zonas urbanas) e riqueza ambiental (xerada nas zonas rurais).

Desta forma os beneficios ambientais e sociais xerados no mundo rural, postos a disposición de toda a sociedade, terían unha compensación económica que permitira mellorar a calidade de vida das poboacións locais e frear así o forte despoboamento ao que se ven sometidos e os problemas ambientais asociados (incendios, perda de biodiversidade, . . .).


Deberase, así mesmo, acometer unha planificación real do territorio, con obxectivos ao longo prazo e na que prime unha xestión horizontal que compatibilice os intereses social, ambiental e económica das xeracións presentes e futuras.

5.- Vantaxes e oportunidades da multifuncionalidade

É necesario diversificar os produtos e servizos que os terreos agroforestais ofrecen adaptándose ás novas demandas da sociedade. O monte pode proveer múltiples bens e servizos que contribúan tanto á xeración de emprego como ao mantemento da calidade de vida, ofrecendo espazos de ocio, señas de identidade cultural e procesos ambientais chave para garantir a necesaria seguridade e estabilidade ambiental.

A continuación expóñense os datos da produción forestal en Galicia con mercado (que posúen valor monetario) e as súas aportacións por actividades, ascende a unha media de uns 355 millóns de euros (VV.AA., 2007). É necesario remarcar que algunhas das producións non reflexan con exactitude toda a realidade debido fundamentalmente a que non son debidamente contabilizados ao pasar por mercados locais ou formar parte do autoconsumo. Tamén é necesario indicar que as distintas actividades varían a súa produción dun ano para outro, polo que se toman valores medios.

Produción forestal con mercado en Galicia



Fonte: *Elaboración propia.*

Se comparamos esta situación coa do total do Estado comprobaremos unhas diferenzas significativas. Así temos que a produción no conxunto do Estado atópanse menos concentradas nunha única produción (madeira), tendo máis alternativas e mercados

Os PFMN: Produtos Forestais Non Madeirables

Hai unha serie de producións que poden ser combinados coa produción principal e obter un rendemento adicional do monte. Estes son: *cogumelos, plantas medicinais, melíferas e aromáticas, pequenos froitos e pastos*. Ademais, debemos tamén ter en conta a rendibilidade social do monte, a recreación, a paisaxe e as funcións de protección. Os montes galegos soportaron ao longo da historia múltiples usos que resolveron gran parte das necesidades dos seus habitantes. Destes, o acceso directo dos recursos alimentarios a través da recollida de produtos silvestres tornouse unha práctica esencial para un longo período de desenvolvemento

da nosa cultura. Durante miles de anos as sociedades de cazadores-recolectores desenvolveron un complexo coñecemento sobre o medio, co fin de prever a dispoñibilidade destes recursos en todo o ciclo anual. Mentres a recollida de landras de carballo, abelás, castañas e froitos silvestres formaron a base da dieta destes pobos durante todo o Paleolítico por centos de miles de anos, a adopción da agricultura de ciclos anuais desprazou esta práctica. Aínda que a recolección de produtos silvestres continuou a ser un elemento fundamental na dieta en momentos de extrema necesidade, a obtención de recursos alimentarios salvaxes converteuse nunha actividade mal considerada socialmente, unha función típica de *"pobres ou peregrinos"*. Nos últimos cincuenta anos de desenvolvemento da industria forestal en Galicia, a madeira foi o foco do discurso de desenvolvemento e de destino de políticas controvertidas. Aínda que a colleita de produtos silvestres de valor económico foi desprazada, aumentou a interese científico en estudar o papel destes recursos na economía rural e á conservación dos ecosistemas forestais.

O termo de Produtos Forestal Non Madeireiro (PFNM), é un termo comunmente usado para describir a parte da produción forestal que foi subestimada, en termos tales como subprodutos ou produtos secundarios do bosque, pero demostrou ser unha importante alternativa para o uso múltiple e sustentábel das nosas fragas. A Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) define como PFNM: *"todos os produtos de orixe biolóxica e dos servizos dos bosques, con exclusión de madeira en todas as súas formas, procedentes do ecosistema forestal en cantidades e formas que non modifica as funcións básicas de reprodución da comunidade vexetal"*. Máis recentemente, a Unión Internacional para Conservación da Natureza (IUCN) propón unha nova definición como *"todos os produtos biolóxicos de orixe vexetal, excluindo madeira, leña e carbón, que son extraídos de bosques naturais para uso humano"*. Aínda que unha gran parte dos produtos non madeireiros recollidos nos montes galego son consumidos directamente pola poboación rural, algúns destes produtos tradicionais de consumo crearon nos últimos anos, cadeas de subministración estable, que foron incorporadas como unha actividade e xeración de renda económica a priori compatible coa conservación das nosas fragas.

A recollida de pequenos froitos silvestres, tales como castañas, abelás, froitas ou pequenos foritos; están incorporados no sistema de produción, desenvolvendo formas de xestión agroforestal e seleccionando variedades que teñen pouco que ver coa fase anterior de recolección esporádica. As plantas medicinais e aromáticas son outro recurso tradicional e unha fonte potencial de ingresos do monte. Como nas froiteiras silvestres, hai dúas formas de facer o seu uso: realizando unha nova plantación, ou facendo a recollida directamente daquelas plantas que nacen espontaneamente. Moitas destas plantas son a materia prima para a fabricación de numerosos produtos da industria farmacéutica. De feito, o 50% dos medicamentos son preparados a partir de principios activos vexetais, directamente ou modificados. Porén, polas súas características biolóxicas particulares a recollida de cogumelos silvestres está aumentando con destino aos mercados locais, nacional e mesmo internacional. O uso de cogumelos silvestres representa agora o capítulo máis importante de recollida de produtos silvestres na economía do monte galego e, polo tanto, esixe unha análise detallada.

6.- Un exemplo sostible de ecosistema agroforestal galego: o souto

O aproveitamento do castiñeiro (*Castanea sativa* Miller) e o manexo do seu agroecosistema constitúe un elemento fundamental da economía, cultura e paisaxe rural en Galiza. Supón o exponene máximo dun sistema multifuncional completo, onde a súa propia evolución foi dando lugar a novos produtos e servizos.

O souto de castiñeiro é unha formación forestal excepcionalmente produtiva en fungos de excelente calidade. A súa diversa comunidade micolóxica conta con numerosas especies micorrízicas, moitas das cales presentan un elevado valor nos mercados. Esta diversidade permite un aproveitamento escalonado das distintas especies ao longo do ciclo anual, desde as primeiras chuvias do final do verán ata os últimos días da primavera.

O rendemento na produción de castaña en Valdeorras é de aproximadamente 2.500 kg/ha, o que supón uns ingresos anuais entre os 2.000-3.000 euros por hectárea (FERNÁNDEZ et al., 1998). A isto temos que engadir en castiñeiros micorrizados uns 200 kg de cogumelos por ha (*Boletus* principalmente), cun valor en mercado de uns 2.000 euros e un crecemento de 5 Tn/ha de madeira que supoñen outros 2.250 euros (FERNÁNDEZ e SINDE, 2008).

7.- Novas ferramentas para a multifuncionalidade

Algunhas das máis recentes ferramentas para o monte que se teñen explorado no noso país introducen de pleno os conceptos de multifuncionalidade dentro do marco agroecolóxico. Pasaremos a citar algúns exemplos de estas novas ferramentas.

A silvicultura ecolóxica é unha alternativa á intensificación e industrialización da xestión forestal, que ten presente os principios da xestión ecosistémica e distingue de forma explícita entre bosques e plantacións, procurando a diversificación dos usos, e minimizando os impactos sobre o ecosistema forestal (CORDERO, 2008)

As Unidades de Xestión Forestal (UXFOR) constitúen novas ferramentas para a vertebración territorial e social dos montes galegos, vinculadas directamente co manexo sostible. Esta vinculación ven establecida pola configuración como instrumento territorial de organización da xestión dos montes que se concreta nun instrumento de xestión forestal específico (IXFE), tendo polo tanto un gran potencial para o desenvolvemento rural, entendido na triple vertente: social, económica e ambiental (BRUÑA e MAREY, 2010).

A participación da sociedade en decisións relativas á planificación e ordenación do territorio é fundamental para acadar solucións viables e duradeiras. A actuación conxunta de todos os sectores involucrados na elaboración de un Plan de Ordenación de Recursos Forestais (PORF) permite obter un documento final consensuado no que se formulen solucións integrais e multifuncionais á problemática detectada na zona. Un exemplo posto en marcha da participación pública na planificación do monte está representado polo plan forestal do distrito VII que arrincou a finais do ano 2008 cun proceso participativo (MAREY et al. 2009).

A posta en marcha en Galicia de proxectos e axudas de valorización integral do monte na pasada lexislatura (2005-2009), supuxo un punto de inflexión na forma de entender a nosa relación co monte. Un exemplo concreto de esta nova situación é o proxecto de recuperación do patrimonio arqueolóxico en montes sitios nos concellos de Friol e O Incio que tratou de poñer en valor dous conxuntos megalíticos de gran importancia no ámbito galego, incluídos no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos coa denominación de Medorras de Monteirón e as claves de identificación GA27020123-138 (BRUÑA, 2007). Neste proxecto están implicados 5 montes veciñais en man común (“*De Devesa*”, “*De Narla*” e “*De Cotá*” no concello de Friol e “*Serra do Édramo*” e “*Serra do Édramo e alto da Legua*” no concello de O Incio) e realizouse unha aposta clara pola nova concepción do monte na que o recurso que se aproveita é o patrimonio arqueolóxico a través da súa posta en valor: *percorrido arqueolóxico, edición de información, recuperación de elementos patrimoniais, . . .*

8.- A modo de conclusión activa

Sumidos na cultura do rápido, do inmediato e sen esforzo, é difícil chegar a cuestionarse o que temos; polo que debemos evitar vivir a costas do monte e reencontrarnos co enorme tesouro que contén. Temos posibilidade de cambiar as cousas e debemos actuar no noso entorno próximo para sementar a ilusión do presente que nos de a esperanza do futuro, coñecedores do noso pasado.

O primeiro que temos que saber é que coma consumidores/as temos a chave da silenciosa revolución económica: cando merquemos produtos para a nosa vida cotiá elixamos aqueles que procedan do monte e preferentemente os que sexan do noso monte (madeira, castañas, cogumelos, meles, carnes . . .). Como consumidores/as temos a capacidade de elixir e ao elixir podemos favorecer positivamente aquilo que nos interese potenciar, apostando polo noso entorno. Cada vez máis, nun mundo globalizado, faise necesaria a agrupación da xente para facer cousas en común e reivindicar a importancia do local.

Se descoñecemos o entorno que temos próximo, será moi difícil chegar a estimalo; e así moi doado deixar de preocuparse por el. Achegémonos ao monte para escoitalo, sentilo, vivilo; e sobre todo para estimar o que temos: un monte do que se pode vivir, convivir e gozar. ***Agardemos que non teñamos que perdelo para comezar a valoralo.***

O noso monte, merece que lle dediquemos un par de minutos de atención, e nos preguntemos pola causa da súa situación actual. Despois poderemos seguir facendo o que queiramos . . . ou o que nos deixen facer; pero recordade que cambiar as cousas tamén está na nosa man.

9.- Referencias

- BERMEJO, R.; 1995. *Ecología versus mercado capitalista*. Páxina 43-65 do libro “*De la Economía a la Ecología*”. Editorial Trotta. Madrid.
- BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO, BOE nº 280, 22 de novembro de 2003, Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes.
- BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO, BOE nº 102, 29 de abril de 2006, Modificación da lei 43/2003 de Montes pola Ley 10/2006, de 28 de abril.
- BRUÑA GARCÍA, X.; 2001. *A rentabilidade social de A Chopera (A Rúa-Ourense)*. Caderno nº 10 “*Un novo mencer:século XXI*” páxina 29-55. Instituto de Estudos Valdeorreses. O Barco de Valdeorras.
- BRUÑA GARCÍA, X.; 2007. *Recuperar a pegada histórica dos nosos montes*. Especial Nadal do xornal mensula O Sil. O Barco de Valdeorras.
- BRUÑA GARCÍA, X., MAREY PÉREX, M.F.; 2010. *As UXFOR: ferramentas para a vertebración territorial e social dos montes galegos*. 3º Congreso de agroecoloxía e agricultura ecolóxica. Vigo.
- CORDERO RIVERA, ADOLFO; 2008. *O monte como base para o desenvolvemento sustentable. Propostas de silvicultura ecolóxica*. 2º Congreso de agroecoloxía e agricultura ecolóxica. Monforte de Lemos.
- DANS, F.; MOLINA, B.; RIGUEIRO, A.; ROMERO, M.I.; RAMIL, P.; RODRÍGUEZGUITIÁN, M.A.; MOLINA, F.; FERNÁNDEZ DE ANA, F.; GRAS, J.M.; MERINO, A.; ROJO, A.; RODRÍGUEZ-SOALLEIRO, R.; PÉREZ-VILARIÑO, J.; CHAS, M.L.; LORENZO, M.C.; RODRÍGUEZ-CEBREIRO, D.; RUIZ-CAGIGAL, J.; 2005. *O Monte galego segundo criterios de xestión forestal sostible. Diagnóstico*. Asociación Forestal de

- Galicia. 427 p. Santiago de Compostela.
- ESTÉVEZ MALVAR, M., SOLANS OSTE, J., ROJO ALBORECA, A. e NEIRA SEIJO, X., 2009. *Propuesta metodológica para la ordenación integrada de los montes vecinales con uso agroforestal y valores de interés ambiental y cultural en Verducido, A Lama (Pontevedra - España)*. 5º Congreso Forestal Español. Ávila.
 - GONZÁLEZ GÓMEZ, M.; 1999. *Rentabilidad social del arbolado en Galicia*. Revista montes nº 57.
 - MAREY PÉREZ, M.F.; 2003. *Tenencia de la tierra en Galicia: modelo para la caracterización de los propietarios forestales*. Tese de doutoramento. Universidad de Santiago de Compostela. Departamento de Enxeñaría Agroforestal.
 - MAREY-PÉREZ, M.F., I. REGO-VÁZQUEZ I., BRUÑA-GARCÍA, X., RODRÍGUEZ-PAILOS, S.; 2009 *El proceso de participación pública en la elaboración de un Plan de Ordenación de Recursos Forestales en la Comunidad Autónoma de Galicia*. 5º Congreso Forestal Español. Ávila.
 - FERNÁNDEZ DE ANA-MAGÁN, F.J.; VERDE FIGUEIRAS, M.C.; RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, A.; 1998. *O souto, un ecosistema en perigo*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
 - FERNÁNDEZ DE ANA-MAGÁN, F.J.; SINDE ESTOPEL, E.; 2008. *Producción de Boletus edulis en castaño micorrizado*. 2º Congreso de agroecoloxía e agricultura ecolóxica. Monforte de Lemos
 - PICARDO NIETO, A., TORRE ANTÓN, M.; 1993. *Incendios forestales provocados ¿algo inevitable?*. 1º Congreso Forestal Español. Lourizán.
 - RICO BOQUETE, E., 1995 *Política forestal e repoboacións en Galicia (1941-1971)*. Universidade de Santiago de Compostela
 - XUNTA DE GALICIA; 2001. *O monte Galego en cifras*. Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural. 226 p. Santiago de Compostela.
 - VARIOS/AS AUTORES/AS, 2007. *Visión global do sector forestal en Galicia*. Informe do Consello Económico e Social de Galicia.

ANEXO I

